

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto /pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Contratación das obras comprendidas no “Proxecto básico e de execución das obras de Reurbanización da rúa Igrexa”	
Número expediente	AV 03004 21/27	Cívidas 2021029942
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	24 de xaneiro de 2022	
Hora de inicio	11:15:00	
Hora remate	13:13:00	
Asistentes sen voto	Don Alejandro Padilla Rodríguez, representante do grupo municipal PP e don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal de Urbanismo.	

Presidente:

Dona Ana Lamas Villar, concelleira delegada da área de Servizos, Obras, Medio Ambiente, Zona Rural e Participación Cidadá (en virtude da resolución da Alcaldía-Presidencia de data 7/08/2019).

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa do servizo de Contratación; Don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Luis Ramón Vázquez Parga, viceinterventor, en substitución da interventora municipal e don Anxo de Nicolás Sánchez, xefe de sección, en substitución do xefe de servizo da área propoñente do contrato (Urbanismo).

Secretario/a

Don M^a Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado no servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada en data 20/12/2021.**

Apróbase co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto; agás o de don Anxo de Nicolás, posto que non estivo presente na sesión anterior.

2º.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente AV 03004 21/27: Contratación das obras comprendidas no “Proxecto básico e de execución das obras de Reurbanización da rúa Igrexa”. Adopción dos acordos que procedan.

Lémbranse os trámites cumprimentados na sesión anterior, nos termos que consta en acta; e deuse conta da comunicación cursada á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA para xustificar o seu prezo temerario. A empresa atende o requerimento, no prazo concedido,

presentando documentación na PLACSP aos efectos requiridos; documentación que se remitiu a revisión e informe dos servizos técnicos municipais.

De seguido deuse conta do informe técnico emitido, en data 21/01/2022, polo arquitecto municipal de Urbanismo Felipe Cotovad Martínez, no que consta o seguinte:

PROCEDENCIA: ARQUITECTO MUNICIPAL

DESTINO: UNIDADE DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: INFORME DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA BAIXA DESPROPORCIONADA DA EMPRESA ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, ACHEGADA AO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN RÚA IGREXA. BARRIO DE A MAGDALENA".

Número expediente AV 03004 21/27. Cívidas 202102994

Antecedentes

Con data 20 de decembro de 2021 procédese pola Mesa de Contratación á valoración das ofertas presentadas ao procedemento de contratación das obras incluídas no Proxecto básico e de execución das obras de Reurbanización rúa Igrexa. Barrio de A Magdalena.

Vistas as ofertas achegadas polas empresas, detectouse que a empresa que acadou a máxima puntuación, ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, atópase incursoa en baixa desproporcionada, xa que a media das baixas das ofertas presentadas é do 14,46%, o límite da baixa segundo o prego é do 19,59% e a citada oferta supera ese límite ao supoñer unha baixa do 22,77%, polo que se debía proceder conforme indica a Lei de Contratos do Sector Público no seu artigo 149.

A oferta económica da empresa Arias infraestructuras SA é de 3.253.053,74€ sen IVE, sendo o orzamento de licitación de 4.211.952,16€ sen IVE. Polo que a baixa ascende á cantidade de 958.898,42€.

O 30 de decembro de 2021 recíbese, procedente do Servizo de Contratación, a documentación xustificativa da baixa achegada pola empresa citada.

De acordo co apartado "16. Ofertas anormalmente baixas" do "Anexo I: Características do contrato" do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento de contratación, a documentación a achegar polos licitadores incursoa en valores anormais para xustificar a súa oferta económica é a seguinte:

1. Justificación de precios ofertados:

Materiales

A.1 Compra

Carta de compromiso de los proveedores

Precios detallados

A.2 Medios propios y/o materiales de producción propia (por disposición de canteras, almacén o similares)

Relación detallada de los medios propios con indicación de su coste individualizado o precio de venta al público.

Maquinaria

B.1 Alquiler y/o contratación

Relación da maquinaria con incitación detallada de los precios

B.2 Medios propios

Relación detallada de la maquinaria

Oferta detallada por unidades de obra con el mismo detalle que aparece descrito en el proyecto técnico

2. Volumen de obra:

En este caso el licitador deberá justificar la relación existente entre las obras que tenga contratadas o en ejecución y los medios personales y materiales de que dispone y determinar cómo incide esta relación en los precios ofertados.

3. Relación entre costes laborales fijos y volumen de obra contratada:

Se justificará mediante la aportación de la nómina del personal laboral fijo y declaración responsable de la obra en ejecución."

Os licitadores poderán incluír, xunto coa documentación sinalada, unha declaración na que se indique motivadamente que documentos administrativos e técnicos, e datos contidos neles, son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais sen que dita declaración de confidencialidade poida estenderse a todo o contido da documentación presentada nin efectuarse en termos xenéricos. Con esta finalidade, os licitadores deberán reflectir claramente a condición de confidencial (de forma sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma que permita a súa identificación) no propio documento sinalado como tal. Os documentos e datos presentados polas empresas licitadoras poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos, prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidas nas prohibicións establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais. De non achegarse esta declaración no momento de presentación da documentación xustificativa do carácter anormal da oferta, considerarase que ningún documento ou dato dos presentados para tal fin posúe carácter confidencial.

Informe da documentación achegada

A documentación achegada pola empresa Arias Infraestructuras SA, consiste nunha memoria co seguinte contido:

- Breve memoria introductoria na que se indica o importe ofertado en relación co orzamento de licitación e o compromiso da capacidade da empresa en asumir o importe económico ofertado.

- Xustificación da oferta económica desenvolvida dacordo cos seguintes puntos:

A. Xustificación dos prezos ofertados. Xustificación dos Gastos Xerais da obra e outros imputables. Desglose de prezos unitarios e outras consideracións a tener en conta para a valoración da obra.

B. Medios persoais e materiais do licitador, personal e equipos de maquinaria adscritos á obra, indicando dispoñibilidade de medios, equipos e instalacións propias, así como a capacitación profesional do personal técnico.

C. Relación entre a solvencia da empresa e a oferta achegada, referido ao prazo e desenvolvemento dos traballos, inmovilizado da empresa, incluíndo o volume de obra executada e experiencia en obras similares.

A. Xustificación dos prezos ofertados.

Arias Infraestructuras SA achega memoria do apartado no que indica que os prezos descompostos

que utiliza para elaborar a súa oferta están basados na base de prezos con que conta Arias Infraestructuras SA e que están actualizados coas ofertas recibidas dos provedores habituais. A maiores, considera que o seus gastos xerais son do 8% do PEM, no canto do 13% do PEM. Así mesmo, indica que o Beneficio Industrial é do 3% do PEM, no canto do 6% do PEM. Polo que o aforro que indica neste apartado é do 8% do PEM. Este aforro baséao nos seguintes aspectos:

- Gastos de mobilización e imprantación inicial reducidos, capacidade de inicio da obra de xeito inmediato e persoal habituado á zona con ceñecemento de esta e dos subministradores locais e das

súas capacidades. Situación das oficinas da empresa en A Coruña e estando a realizar máis obras na área de influencia.

- Aforro derivado de que a maioría da maquinaria precisa para a execución da obra é propiedade de Arias Infraestructuras SA e está amortizada na súa totalidade. Así como un volume de negocio que conleva descontos importantes en materias primas.

Polo que segundo as estimacións de Arias Infraestructuras SA, O PEM da súa oferta é de 2.930.679,05€, 3.253.053,74€ con GX e BI (11% de GX e BI), sendo o orzamento de licitación de 4.211.952,16€ sen IVE. Polo que a baixa ascende á cantidade de 958.898,42€.

MATERIAIS:

Achega relación de cartas de compromiso de subministro de materias asinados, así como as ofertas do material subministrado.

Achega carta de compromiso de subministro dos seguintes materiais con prezos firmados.

- Acersa Hierros SL, (ferro e ferralla)
- Hormigones Carral SL (fomigóns e morteiros)
- Prefabricados Guntín SA (prefabricados de formigón)
- Saniplast SL (tuberías e tapas de rexistro)
- Ultimacon SA (resinas, pernos, cementos, tornillería...)
- Arenas Malgo SL (Xestión de residuos, e transporte)
- Silleda Jardín SL (Mobiliario Urbano). Da oferta achegada non pode deducirse se o mobiliario urbano proposto se axusta ao do proxecto.
- Granitos Ousinde (pedra). Da oferta achegada non pode deducirse se a pedra se axusta á de proxecto.

Indica que a empresa conta con canteiras en propiedade (Entrambasaguas/ Arteixo) e planta de produción de MBC situada a 75 Km. de Ferrol. Achega reportaxe fotográfica e oferta de prezos de subministro de materiais de áridos para a obra. Así como a relación de materiais auxiliares a disposición no almacén de Arias (taboleiros encofrado, taboleiros de piñeiro, puntais metálicos e Taboleiro de piñeiro de 22 mm).

Indica que a empresa, dado o seu volume de negocio, conta con importantes descontos no subministro de materias primas e materiais para a obra.

Tamén informa que a maioría da maquinaria necesaria para a execución da obra é propiedade de Arias Infraestructuras SA, estando esta amortizada.

Conta a empresa con instalacións cercanas situadas na Coruña (Oficinas centrais) e o Laboratorio de Control e o Taller de maquinaria en Sabón (Arteixo).

MAQUINARIA:

Achega compromiso por parte da empresa Talleres Arteixo SL de alquilar a maquinaria contida na oferta que adxunta.

Achega relación da maquinaria propiedade da empresa Arias Infraestructuras SA e fichas de cada unha delas.

OFERTA DETALLADA:

Achega desglose da oferta da empresa con indicación de cada un dos descompostos, pero non da descripción escrita de cada prezo. Polo que é imposible comprobar se o orzamento achegado se axusta ao de proxecto, co conseguinte risco para a correcta execución da obra.

No listado de prezos auxiliares que achegan compróbase que respecto ao orzamento do proxecto, faltan por valorar os seguintes prezos auxiliares A01JF006, A02A080 e A03LA005.

Compróbase que as reducións nos prezos auxiliares respecto do orzamento de proxecto, débense basicamente á rebaixa dos custos de man de obra sobre os de proxecto e á redución dos medios auxiliares e custos indirectos (aplícase en cada partida unha porcentaxe sobre o prezo).

Achega cadro de prezos descompostos nos que a descripción escrita pormenorizada de cada unidade de obra non existe. Cuestión que vai en detrimento da calidade de execución de cada partida, dado que non se pode comprobar se a proposta de Arias Infraestructuras SA se axusta ao grao de execución tan estrito que recolle o proxecto e as súas condicións e determinacións. Así mesmo, e dado que en cada partida adícase o 3% do orzamento ds partida a custos indirectos e medios auxiliares, compróbase que existe unha redución económica xeneralizada en todo o orzamento, que vai obviamente en detrimento da diminución da calidade de execución da obra, cuestión non asumible dada a súa situación nun Conxunto Histórico Catalogado, declarado BIC, como é o Barrio de A Magdalena e dado que hai que traballar con elementos catalogados como as lousas de granito das beirarrúas existentes que se ubican no lado sur da rúa. Polo que é preciso unha execución moi coidadosa para que non sufran ningún tipo de desperfecto na súa manipulación.

As partidas 01.14 “Desmontaje/traslado de luminarias y farolas” e 01.17 “Protección de arbolado existente”, veñen recollidas como partidas alzadas, sen orzamento descomposto. O mesmo sucede coa partida 04.09 “ Suplemento de preparación de losas estriadas”, coas partidas 05.01 “Tierra vegetal cribada fertilizada envasada”, 05.02 “ Formación pradera z. verde Catedral San Xulián” e 05.03 “Drenaje base arbolado con grava y geotextil 200 gr/m2 “. O mesmo sucede coas partidas das árbores (da 05.05 á 05.17) e coa das sinais de tráfico (06.13). Tamén coas partidas da 08.09 á 08.13, relativas aos entronques con clip elastomérico a 90º nos distintos diámetros de tubería.

Compróbase así mesmo, que os honorarios dos oficiais de primeira e do peón ordinario recollidos no orzamento do proxecto son superiores aos recollidos no Convenio da Construcción de A Coruña. A oferta de Arias Infraestructuras SA, recolle os prezos literais de man de obra de dito convenio.

A partida 04.04 m2 “Enlosado a mantener, completar y reparar reparar en Manzana 4”. non recolle no descomposto do prezo o “Aristado en taller de las piezas y limpieza de restos de mortero”. De xeito que se conclúe que a empresa non contempla a execución da partida de xeito idéntico a cómo se recolle no proxecto, cunha obvia perda de calidade da execución.

As partidas correspondentes ás árbores propostas no proxecto, que son por outra parte un elemento de gran importancia no proxecto, partidas da (05.05 á 05.17), non describen o concepto do prezo, de xeito que non se pode comprobar se se axusta ás características técnicas das árbores recollidas no proxecto, así como o mantemento de estas ata ao cumprimento do prazo de garantía e a súa reposición por outro de idénticas características, no caso de que fose necesario, como recolle o proxecto. Tampouco se xustifica de ningún xeito o orzamento proposto, que unicamente se pode entender de xeito que se menoscabe a calidade das árbores recollidas no proxecto, o seu

cuidado no prazo de garantía da obra e a súa reposición no caso de que sequen nese tempo.

A partida de control arqueolóxico recollida na oferta achegada (06.01), non detalla o número de horas adicada ao contrato, nin as horas de axudante asociadas á obra, nin o orzamento da redacción do proxecto arqueolóxico, nin da redacción do informe valorativo, nin a memoria técnica final. Polo que a diferenza de 849,35€ vai en detrimento da obra, dado que non se xustifica o orzamento achegado.

A partida de reposición de servizos (06.02), non achega memoria descriptiva, co cal non se pode valorar se está orzamentando o mesmo concepto que o recollido no proxecto.

As partidas de mobiliario urbano (06.03, 06.04, 06.05, 06.06, 06.07, 06.08 e 06.11), non contan coa correspondente descripción escrita, polo que non se pode valorar unicamente co descomposto achegado se os modelos propostos na oferta, cumpren as prescricións recollidas no Proxecto de Normalización de mobiliario urbano do Barrio de A Magdalena e aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

A partida 06.09, relativa ás argollas de sinalización de instalacións, como non conta con descripción detallada, non se pode comprobar se o modelo ofertado é o descrito no proxecto ou non. O mesmo sucede coa partida 06.10 "Placa de sinalización de especie arbórea".

A partida 06.14, tampouco describe as actuacións a levar a cabo na reixa da Costa de Mella, polo que non se pode coñecer o que se orzamenta realmente.

As partidas da 09.03 á 09.04, no descomposto da oferta de Arias Infraestructuras SA, non contemplan un Oficial de 1º fontanero, relativas á instalación das válvulas de corte das tuberías de abastecemento, polo que esta situación incide negativamente na calidade da obra. O mesmo sucede nas partidas 09.05, 09.06 e 09.07, onde os conceptos que constan no desglose dos prezos descompostos do orzamento de Arias Infraestructuras SA, son menos que os de proxecto. Polo que non está a ofertar á partida literal de proxecto (falta o Oficial de 1º fontaneiro calefactor, anel de xunta e pasta lubricante).

Nas partidas da 09.08 á 09.14, faltan os descompostos que recolle o proxecto, unicamente valora o tipo de tubo e os medios auxiliares, pero non os oficiais fontaneiro calefactor de 1º e 2º, o lubricante dos tubos, aneis de xuntas...etc). Polo que a oferta da empresa non se axusta ao orzamento literal de proxecto. O mesmo sucede nas partidas da 09.15 á 09.20, Non orzamenta os conceptos recollidos no descomposto orzamento do proxecto.

No capítulo 10 Rede de Rego, repítese o mesmo que no capítulo anterior. Os distintos descompostos dos prezos ofertados nas distintas partidas do capítulo, non se axustan aos descompostos do proxecto, faltando distintos conceptos como por exemplo os oficiais 1º e 2º fontaneiro calefactor, oficiais electricistas de 1º e 2º...etc. Polo que non valoran o orzamento do proxecto, co correspondente detrimento da calidade da obra. Da partida 10.04 en adiante, ata á partida 10.14, nos descompostos, non consta a man de obra relativa á execución da correspondente partida. Na 10.19 e 10.20 sucede o mesmo.

No capítulo 11 do orzamento (Electricidade), na partida 11.09 falta no descomposto a parte correspondente coa man de obra (oficial de primeira e peón especializado). Polo que o orzamento achegado non é completo conforme ao do proxecto.

No capítulo 12 Telecomunicacións, na partida 12.07 falta no descomposto a parte correspondente á man de obra. Vén como partida alzada máis custos indirectos.

No capítulo 13 Alumeado público, a partida 13.01 vén como partida alzada sen descomposto do prezo. Polo que non se pode comparar co prezo de proxecto. Da partida 13.03 á 13.13, non se desglosa tampouco o descomposto. Polo que dado quen a oferta achegada non conta cunha descripción pormenorizada do prezo, e non aparece descomposto do prezo, non se pode comprobar o que valora en esas unidades do capítulo.

As partidas 13.19, 13.20, 13.21, 13.24, 13.25, 13.26 13.27 e 13.30 tamén veñen sen desglosar, polo que non se pode valorar o concepto que orzamenta e comparalo co do orzamento do proxecto.

No capítulo 14 Rede Semafórica, a partida 14.08 vén sen desglosar polo que non se pode valorar o concepto que orzamenta e comparalo co do orzamento do proxecto.

No capítulo 16 Seguridade e Saúde, Arias Infraestructuras SA, non achega xustificación das partidas que compoñen o capítulo. Unicamente contempla o importe total do capítulo. Polo que non se sabe o que se orzamenta (instalacións provisionais de obra, sinalizacións da obra, proteccións personais, proteccións colectivas...etc).

Arias Infraestructuras SA, non contempla no seu orzamento o capítulo 17 Control de Calidade.

B. VOLUME DE OBRA

Arias Infraestructuras SA achega relación valorada de obras en execución cun importe total de 43.807.532,19€ e a relación de traballadores propios con que conta a empresa. Así mesmo indica a proposta da equipa proposta para a execución da obra e curriculum. Achega relación de traballadores fixos con que conta a empresa e as nóminas correspondentes ao mes de outubro de 2021.

Achega tamén cartas de compromiso das empresas Instelc SI (electricidade), Diez y Compañía SA (sinalización), Julio Alvarez Instalaciones SLU (fontanería), Silleda Jardín SL (arboredo e rego) e Lorena Vidal Caeiro (arqueoloxía).

Achega tamén os certificados de sistemas de calidade, medioambiente e Oshas da empresa.

A empresa non xustifica a relación existente entre as obras que ten contratadas ou en execución e os medios personais e materiais de que dispón e non determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

C. RELACIÓN ENTRE COSTES LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

Achegan relación e nómina do persoal laboral fixo, documentación dos pagos da SS e declaración responsable da obra en execución.

Conclusión

A documentación achegada pola empresa Arias Infraestructuras SA, non da resposta razoable e completa á xustificación da súa oferta económica (baixa económica do 22,77% sobre o orzamento de licitación da obra). Coa documentación achegada non xustifica suficientemente que o importe dos seus gastos xerais sexa do 11% do PEM, no canto do 19% contemplado no orzamento de proxecto.

Entendendo que está en perigo a calidade do proxecto a executar por parte do Concello de Ferrol,

en caso de que se estime a súa oferta económica, especialmente dada a situación da rúa Igrexa nun ámbito con protección patrimonial situado dentro do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de A Magdalena. Compróbase que as reducións maiores no orzamento xustificativo que achega se corresponden aos capítulos de pavimentos (1.058.937,69€ de PEM, fronte a 1.319.402,13 en Proxecto), xardinería (82.544,55 € de PEM, fronte a 94.542,27€ en proxecto) e equipamento e varios (276.344,52€ de PEM, fronte a 352.693,46€ en proxecto).

Debe sinalarse que a oferta da empresa Arias Infraestructuras SA, se atopa en situación de baixa desproporcionada por superar o límite da baixa nun 3,18% por riba do límite establecido no prego (19,59%), resultando desproporcionada por un marxe de 133.710,58 €.

Visto todo o anteriormente exposto, **infórmase desfavorablemente** a xustificación da baixa ofertada pola empresa Arias Infraestructuras SA, non considerando axeitada nin razoable a xustificación achegada da oferta realizada.

Pide a palabra dona Elisa Quindós e pregunta ao técnico municipal si coa documentación aportada non se pode concluir que a oferta sexa viable; ao que don Felipe Cotovad responde que, coa documentación xustificativa presentada e na súa opinión, non queda xustifico que a oferta sexa viable e cita, por pór un exemplo, que a empresa está a renunciar ao 3% de beneficio industrial e que os seus gastos xerais son do 8% no lugar do 13%.

Continúa don Felipe Cotovad e sinala un erro material na CONCLUSIÓN do seu informe; donde dí: "... Coa documentación achegada non xustifica suficientemente que o importe dos seus **gastos xerais** sexa do 11% do PEM..." debe dicir: " ...Coa documentación achegada non xustifica suficientemente que o importe dos seus **gastos xerais e beneficio industrial** sexa do 11% do PEM..."

Don Luis R. Parga engade que sí poden renunciar ao beneficio industrial sempre e cando se argumente e don Felipe Cotovad responde que a empresa non argumenta a renuncia.

Tendo en conta todo anterior; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA.
- PONDERAR as ofertas relativas a criterios automáticos; CLASIFICANDO as ofertas por orden decrecente, tendo en conta as valoracións outorgadas nas distintas fases do procedemento:

EMPRESA	Total criterios sobre 2	Total criterios sobre 3		Puntuación total
		Prezo	Garantía	
ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	25	50 B.T.	25	EXCLUÍDO
(UTE) PROSEMA NOROESTE SL-CIVIS GLOBAL SLU	25	42,39	25	92,39
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	25	41,73	25	91,73
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ SA	25	35,47	25	85,47
(UTE) OGMIOS PROYECTO SL-PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL	25	35,01	25	85,01
(UTE) PROFORMA EJECUCIÓN DE OBRAS Y RESTAURACIONES SL-CONSTRUCCIONES ALEA SL-EXTRANFER 97 SL	22,50	37,34	25	84,84

DRAGADOS SA	25	27,39	25	77,39
(UTE) CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS SLU-MONCOSA OHS SA	25	25,85	25	75,85
CONTRATAS VILOR SL	25	20,53	25	70,53
VÁZQUEZ Y REINO SL	23	21,52	25	69,52
(UTE) CONSTRUCCIONES CERNADAS SL- CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	20	12,08	0	32,08

- REQUERIR das empresas (UTE) PROSEMA NOROESTE SL-CIVIS GLOBAL SLU, por ser o candidato inicialmente admitido que obtivo a mellor puntuación final, para a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 26 do PCAP; condicionando á adjudicación ao seu favor á presentación favorable de toda a documentación requirida nos pregos. Advertíndolle das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requerimento no prazo concedido.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretario, DOU FE.

DILIXENCIA: Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 14/02/2022.; asinan dixitalmente a Presidenta e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.